

MEMORIA DE BENEFICIOS FISCAIS




MEMORIA

CONTIDO

I.	O ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS PARA O ANO 2026	7
I.1.	REFERENCIA LEGAL ACERCA DA SÚA OBRIGATORIADE	9
I.2.	DELIMITACIÓN DO CONCEPTO DE “BENEFICIO FISCAL”	10
I.3.	CAMBIOS NORMATIVOS QUE AFECTAN AO ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS PARA O 2026	12
II.	OS BENEFICIOS FISCAIS	15
II.1.	TRIBUTOS XESTIONADOS POLA AEAT E CUXO RENDEMENTO ESTÁ PARCIALMENTE CEDIDO ÁS COMUNIDADES AUTÓNOMAS.	18
II.1.1.	IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF)	18
II.1.2.	IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE)	23
II.1.3.	IMPOSTO SOBRE O ALCOHOL E BEBIDAS FERMENTADAS.	25
II.1.4.	IMPOSTO SOBRE HIDROCARBUROS	27
II.2.	TRIBUTOS XESTIONADOS POLA AEAT E CUXO RENDEMENTO ESTÁ TOTALMENTE CEDIDOS ÁS COMUNIDADES AUTÓNOMAS	29
II.2.1.	IMPOSTO SOBRE A ELECTRICIDADE	29
II.2.2.	IMPOSTO SOBRE DETERMINADOS MEDIOS DE TRANSPORTE.	30
II.3.	TRIBUTOS XESTIONADOS, DE SER O CASO, POLAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS E CUXO RENDEMENTO SE LLES CEDE TOTALMENTE.	32
II.3.1.	IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO	33
II.3.2.	IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS	35
II.3.3.	IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS.	39
II.3.4.	IMPOSTO SOBRE O DEPÓSITO DE RESIDUOS EN VERTEDOIROS, A INCINERACIÓN E A COINCINERACIÓN DE RESIDUOS.	49
II.3.5.	TRIBUTOS SOBRE O XOGO	49
II.4.	TRIBUTOS PROPIOS.	50
II.4.1.	IMPOSTO SOBRE A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA	50
II.4.2.	IMPOSTO SOBRE DANOS AMBIENTAIS EN AUGAS EMBALSADAS	50
II.4.3.	O CANON EÓLICO	51
II.4.4.	IMPOSTO COMPENSATORIO AMBIENTAL MINEIRO	51
II.5.	TAXAS E PREZOS.	51

III. RESUMO CUSTO BENEFICIOS FISCAIS _____ **65**



O ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS PARA O ANO 2026

I. O ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS PARA O ANO 2026

I.1. REFERENCIA LEGAL ACERCA DA SÚA OBRIGATORIADE

O orzamento de beneficios fiscais ten como obxectivo cuantificar os beneficios fiscais que afectan aos tributos da Comunidade Autónoma. Neste sentido, distintas normas refírense á obrigatoriedade de determinar o seu importe. Así, o artigo 134.2 da Constitución Española sinala que nos orzamentos se consignará o importe dos beneficios fiscais e o artigo 46 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, enuméraos como parte integrante do contido dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

A Directiva 2011/85/UE, do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros, establece, no seu artigo 14.2, que “os Estados Membros publicarán información detallada sobre a incidencia dos gastos fiscais nos ingresos”. Habitualmente esta memoria forma parte dos libros que acompañan ao proxecto de Lei de Orzamentos.

Pola súa banda, o artigo 21, apartado 1, da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas, establece que: “Os orzamentos das Comunidades Autónomas terán carácter anual e igual período que os do Estado, atenderán ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e incluírán a totalidade dos gastos e ingresos dos organismos e entidades integrantes da mesma, e neles consignarase o importe dos beneficios fiscais que afecten a tributos atribuídos ás referidas Comunidades”.

Para dar cumprimento á citada directiva e para os efectos de realizar un esforzo de coordinación entre as CC.AA. e entre estas e o Estado, por Acordo 13/2013, do 18 de decembro, creouse no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira un grupo de traballo para acordar a metodoloxía para empregar na elaboración da información para proporcionar.

Este grupo de traballo, e superados uns anos de inactividade, veu traballando para cumprir o seu encargo e, aínda que non puido culminar a súa tarefa de modo completo, si que fixou criterios que esta Administración Tributaria, como non pode ser doutra maneira, asume como propios. A precisión non é de balde xa que no imposto de sucesións a asunción deses criterios supón unha cuantificación dos beneficios estimados para 2026 no relativo ás reducións de parentesco é distinta á ofrecida para 2025; e no imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados afecta a varias das exencións estatais e a unha dedución autonómica, que foron retiradas deste orzamento de beneficios fiscais.

Ademais, incorpórase a información relativa á metodoloxía utilizada para o cálculo dos beneficios fiscais cuxos datos se remiten pola Administración Xeral do Estado, que foi remitida por primeira vez ás CC.AA.

En base a o exposto, o contido desta memoria estrutúrase do seguinte xeito:

- A delimitación do concepto de “beneficio fiscal”.
- Cambios normativos para 2026 que afectan por primeira vez ao Orzamento de Beneficios Fiscais así como os incluídos no proxecto de lei de medidas que se está a tramitar xunto co proxecto de lei de orzamentos para o vindeiro ano.
- A clasificación dos beneficios fiscais por tributos, e dentro de cada figura, unha breve descrición das medidas, o detalle das hipóteses de traballo, as fontes estatísticas utilizadas e as metodoloxías de cuantificación e un resumo numérico.

I.2. DELIMITACIÓN DO CONCEPTO DE “BENEFICIO FISCAL”

O concepto de beneficio fiscal ofrece dous problemas: por unha banda, non existe na doutrina un concepto unánime deste e, por outro lado, aínda adoptando o máis común, a súa aplicación práctica non resulta doada dada a natureza mixta dalgúns beneficios fiscais.

O orzamento de beneficios fiscais pode definirse como a expresión cifrada da diminución de ingresos tributarios que, presumiblemente, se producirá ao longo do ano, como consecuencia da existencia de incentivos fiscais orientados ao logro de determinados obxectivos de política económica e social.

Así mesmo, considera as medidas que orixinan beneficios fiscais para os contribuíntes e minguan a capacidade recadatoria da comunidade. Trátase esencialmente de exencións, reducións nas bases impositivas, tipos impositivos reducidos, bonificacións e deducións nas cotas dos diversos tributos.

O orzamento de beneficios fiscais que se explica nesta memoria ten por ámbito territorial a Comunidade Autónoma de Galicia e o seu ámbito obxectivo inclúe todos aqueles beneficios fiscais, xa fosen establecidos polo Estado ou pola Comunidade, que afecten aos tributos cedidos, tanto se a xestión ou recadación dos mesmos está encomendada a esta Comunidade por cesión, coma se é realizada directamente polo Estado, así como beneficios fiscais aprobados pola comunidade de Galicia referidos aos seus tributos propios.

A memoria do orzamento de beneficios fiscais do Estado extraeu da doutrina os seguintes requisitos para considerar unha medida como beneficio fiscal que, adaptada aos nosos tributos mantemos, tanto porque consideramos que se axusta ao buscado pola normativa, como para efectos comparativos, dado o carácter compartido de numerosos tributos.

Os trazos ou condicións que un determinado concepto ou parámetro impositivo debe posuír para que se considere que xera un beneficio fiscal son os que se resumen seguidamente:

- Desviarse de forma intencionada respecto á estrutura básica do tributo, entendendo por ela a configuración estable que responde ao feito impositivo que se pretende gravar.
- Ser un incentivo que, por razóns de política fiscal, económica ou social, estea dirixido a un determinado colectivo de contribuíntes ou a potenciar o desenvolvemento dunha actividade económica concreta.
- Existir a posibilidade legal de alterar o sistema fiscal para eliminar o beneficio fiscal ou cambiar a súa definición.
- Non presentarse compensación ningunha do eventual beneficio fiscal noutra figura do sistema fiscal.
- Non deberse a convencións técnicas, contables, administrativas ou ligadas a convenios fiscais internacionais.
- Non ter como propósito simplificar ou facilitar o cumprimento das obrigas fiscais.

Para o cómputo dos beneficios fiscais adóptase o método da “perda de ingresos”, definida como o importe no cal os ingresos fiscais se reducen a causa exclusivamente da existencia dunha disposición particular que establece o incentivo do que se trate. A súa valoración efectúase de acordo co “criterio de caixa” ou momento en que se produce a mingua de ingresos.

Por suposto, a incorporación dun beneficio fiscal está supeditada á dispoñibilidade dalgunha fonte fiscal ou económica que permita levar a cabo a súa estimación.

É preciso sinalar que non todo beneficio fiscal tradúcese nunha diminución recadatoria de idéntico valor, xa que, precisamente, os beneficios fiscais usados como obxectivo de política económica e social, poden dar lugar a un incremento dos feitos impositivos declarados ou cambios no comportamento fiscal da cidadanía e que se traduza mesmo nun aumento da recadación pola vía doutros impostos. Con todo este é un feito dificilmente cuantificable e non se reflicte neste orzamento de beneficios fiscais.

Hai que ter en conta que a diminución recadatoria derivada daquelas medidas que as Comunidades Autónomas adopten no exercicio das competencias normativas que lles atribúe a Lei 22/2009 do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, e que por aplicarse con xeneralidade á totalidade dos suxeitos pasivos dun imposto (como a modificación da tarifa do imposto ou o do tipo de gravame xeral), non cumpran coa definición conceptual de beneficio fiscal, non están aquí incluídas aínda que supoñan un aforro fiscal para o contribuínte.

I.3. CAMBIOS NORMATIVOS QUE AFECTAN AO ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCALES PARA O 2026

O orzamento de Beneficios Fiscais, así como o de ingresos, cuantifícase durante o ano anterior a aquel ao que se refire, para dar cumprimento á data en que debe presentarse o proxecto de Orzamento ao Parlamento de Galicia, conforme ao establecido no artigo 53.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia e no artigo 52 do Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, de 7 de outubro.


Por tanto, no orzamento de Beneficios Fiscais do ano 2026 se vai estimar o impacto dos beneficios fiscais daquelas medidas normativas que xa están publicadas no momento de elaboración desta memoria e que, por tanto, teñen vixencia en 2026 e ademais, realízase unha estimación dos beneficios fiscais cuxa aprobación está prevista, de forma que aínda que non estean vixentes na actualidade, os seus efectos tamén se despregarán no período impositivo de 2026 (con algunha condición, como é o caso do Imposto da renda das persoas físicas que posteriormente se analizará).

Deste xeito, entre as disposicións normativas aprobadas desde o último orzamento de Beneficios Fiscais (o correspondente a 2025), vixentes na actualidade, e que non se tiveron en consideración no momento de elaborar o devandito orzamento, mencionar a Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, na que se aprobaron, as seguintes medidas no imposto sobre a renda das persoas físicas que se autoliquidarán por primeira vez no 2026 no relativo á campaña do exercicio 2025:

- modificouse a dedución por suxeitos pasivos discapacitados, de idade igual ou superior a sesenta e cinco anos, que precisen axuda de terceiras persoas, para eliminar como requisito para aplicar a dedución que o contribuínte fora beneficiario do cheque asistencial.
- suprimiuse a dedución da cota íntegra autonómica por determinadas subvencións e/ou axudas obtidas a consecuencia dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017, e a dedución para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico que tivo lugar en Tui durante o mes de maio do 2018.
- incorporouse a dedución por gastos derivados da adecuación dun inmovble baleiro con destino ao arrendamento como vivenda e a dedución polo arrendamento das vivendas baleiras.

No Proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas para o 2026, se prevén, entre outras medidas, realizar unha serie modificacións que terán impacto neste orzamento de beneficios fiscais:

- Redución no imposto sobre doazóns pola adquisición de bens e dereitos destinados a reparar ou repoñer os danados polos incendios forestais acaecidos en Galicia en 2025.
- Dedución no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, na modalidade de transmisións patrimoniais e na modalidade de actos xurídicos documentados, pola adquisición de bens inmoables destinados a substituír os danados polos incendios forestais acaecidos en Galicia en 2025.
- Exención do pagamento das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia para os procedementos consecuencia dos incendios do verán do ano 2025.
- No caso de que dun contrato de vitalicio derivase a liquidación do imposto de doazóns e a persoa alimentante pertencera ao grupo de parentesco III ou IV en relación coa persoa alimentista, a tarifa a aplicar será a establecida no artigo 9.a) e o coeficiente multiplicador, o establecido no artigo 10 para os grupos de parentesco I e II.
- Para o caso de adquisición de vivenda habitual, tanto na modalidade de transmisión patrimonial onerosa como na modalidade de acto xurídico documentado, para a aplicación dos tipos xerais como para os aplicables para o caso de menores de 36 anos e familias numerosas, modifícanse os importes de adquisición e suma do patrimonio exixibles.
- Para o caso de adquisición de vivenda habitual, tanto na modalidade de transmisión patrimonial como na modalidade de acto xurídico documentado, modifícase o prezo da vivenda cando o adquirente sexa unha persoa vítima de violencia de xénero.
- Para o caso de adquisición de vivenda habitual por familias monoparentais establécense tipos reducidos no imposto de transmisións patrimoniais tanto na modalidade de transmisión patrimonial onerosa como na de actos xurídicos documentados.
- Para a adquisición de inmoables a través de contratos de vitalicio, aplicación do tipo reducido do 4% sempre e cando non proceda a aplicación doutro tipo inferior.
- Tanto na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas como na de actos xurídicos documentados, dedución na cota do 100% por adquisición de vivenda habitual por familias monoparentais cando o inmovible se atope nalguna das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.
- Na modalidade de actos xurídicos documentados, dedución do 100% na cota, para as condicións resolutorias que se establezan nos contratos de vitalicio que garantan o cumprimento do dereito da persoa alimentista.



OS BENEFÍCIOS FISCAIS

II. OS BENEFICIOS FISCAIS

Ao longo deste apartado, analízanse os distintos beneficios fiscais que minoran os ingresos tributarios da Comunidade de Galicia e supoñen un aforro fiscal para o contribuínte, agrupados conforme á seguinte clasificación:

1. Tributos xestionados pola AEAT e cuxo rendemento está parcialmente cedido ás Comunidades Autónomas.
 - a) Imposto sobre a renda das persoas físicas.
 - b) Imposto sobre o valor engadido.
 - c) Imposto especial de fabricación sobre o alcohol e as bebidas derivadas.
 - d) Imposto especial de fabricación sobre hidrocarburos.
2. Tributos xestionados pola AEAT e cuxo rendemento está totalmente cedido ás Comunidades Autónomas:
 - a) Imposto sobre a electricidade.
 - b) Impostos especial sobre determinados medios de transporte.
3. Tributos xestionados polas Comunidades Autónomas e cuxo rendemento se lles cede totalmente.
 - a) Imposto sobre sucesións e doazóns.
 - b) Imposto sobre o patrimonio.
 - c) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
 - d) Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, incineración e coincineración de residuos.
 - e) Tributos sobre o xogo.
4. Tributos propios e taxas.
 - a) Imposto sobre o canon eólico.
 - b) Imposto sobre a contaminación atmosférica.
 - c) Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada.
 - d) Imposto compensatorio ambiental mineiro.
 - e) Taxas.

II.1. Tributos xestionados pola AEAT e cuxo rendemento está parcialmente cedido ás Comunidades Autónomas.

II.1.1. *Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF)*

Conforme ao establecido na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, o IRPF é un imposto estatal, parcialmente cedido ás Comunidades Autónomas, no que o Estado se reserva as competencias de xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión e no que as Comunidades Autónomas poden asumir determinadas competencias normativas, de forma que os beneficios fiscais poden derivarse tanto da normativa estatal como da autonómica.

O rendemento cedido á Comunidade correspóndese coa cota líquida autonómica que os residentes no territorio da Comunidade consignasen na súa declaración do imposto (minorado nunha serie de cantidades que se atopan recollidas no artigo 26.2 da Lei 22/2009, do 18 de decembro).

Por outra banda, o artigo 46 da citada norma establece o alcance das competencias normativas que poden asumir as Comunidades Autónomas respecto de este Imposto, en uso das cales Galicia foi establecendo diversas deducións.

Conforme ao anterior, expóñense as deducións neste imposto derivadas da normativa de Galicia que se atopan actualmente vixentes e que producen efectos no orzamento de beneficios fiscais 2026:

- Dedución por nacemento ou adopción de fillos:
Dedución de 300/360€ ou de 360/2.400€ segundo se trate do primeiro ou seguintes e segundo límites de renda. Dupláncense as cantidades se o fillo ten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%; e incrementáanse nun 20% para residentes en pequenos municipios.
- Dedución para familias con fillos:
O contribuínte que, á data de devindicación do imposto, teña dous descendentes que xeren ao seu favor o dereito á aplicación do correspondente mínimo por descendentes, poderá deducir a cantidade de 250 euros.
O que posúa o título de familia numerosa poderá deducir da cota íntegra autonómica:
 - a) no caso de que se trate de familias de ata dous fillos/as, 250 euros agás que disfruten do título de categoría especial en cuxo caso será de 400€.
 - b) no resto dos casos, a dedución incrementarase en 250 euros adicionais por cada fillo.

A dedución duplicarase se o descendente ten unha discapacidade igual ou superior ao 65%.

- Dedución por acollemento:
Dedución de 300€ sempre que se cumpran determinados requisitos.
- Dedución por coidado de fillos menores:
Dedución do 30% das cantidades satisfeitas polo coidados por unha empregada do fogar dos nenos de 0 a 3 anos, así como dos gastos auxiliares ás escolas infantís, xa que a súa matrícula é gratuíta.
- Dedución por suxeitos pasivos discapacitados, de idade igual ou superior a 65 anos que precisen axuda de terceiras persoas.
Poderase deducir os gastos cun límite de 600€
- Dedución por aluguer de vivenda habitual.
Para os contribuíntes de ata 35 anos, dedución do 10% cun límite de 300€ por contrato de aluguer ou do 20% caso de que o contribuínte teña dous ou mais fillos menores de idade.
- Dedución por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos.
Se durante o exercicio o contribuínte accede a internet mediante a contratación de liñas de alta velocidade poderán deducir a cota íntegra autonómica o 30% de las cantidades satisfeitas en concepto de cota de alta e cotas mensuais, cun límite máximo de 100 euros.
- Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación.
Dedución do 30% das cantidades investidas na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación cun límite de 6.000€.
- Dedución por inversión na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e a súa financiación.
Dedución do 30% das cantidades investidas cun límite de 20.000€ que se poderán incrementar nun 15% cun límite de 35.000€ cando se cumpran determinados requisitos.
- Dedución por inversión en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista.
Dedución do 15% das cantidades investidas cun límite de 4.000€.
- Dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica.
Dedución da cota íntegra autonómica do imposto o 25 %, ata o límite do 10 % da devandita cota.
- Dedución por inversión en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo.

Dedución na cota íntegra autonómica do 5% das cantidades satisfeitas no exercicio pola instalación na vivenda habitual de sistemas de climatización e/o auga quente sanitaria nas edificacións que empreguen fontes de enerxía renovables, e cun límite de 280 euros por suxeito pasivo.

- Dedución por rehabilitación de bens inmobles situados en centros históricos.
Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica o 15% das cantidades investidas no exercicio na rehabilitación de inmobles situados nos centros históricos que mediante orde determiníñense, cun límite de 9.000 euros.

- Dedución por investimento en empresas que desenvolvan actividades agrarias. Dedución na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, o 20 % das cantidades ou, en caso de achegas non dinerarias, do valor dos bens que destinen no exercicio a determinados investimentos.

- Dedución na cota íntegra autonómica por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares.

Dedución do 15 % das cantidades totais invertidas na mellora da eficiencia enerxética dos inmobles destinados a uso residencial vivenda. A base da dedución terá como límite 9.000 € por suxeito pasivo.

- Dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galicia.

O importe da dedución será o resultado de aplicar os tipos medios de gravame ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable.

- Dedución por adquisición e rehabilitación de vivendas nos proxectos de aldeas modelo.

Dedución na cota íntegra autonómica do 15 % das cantidades satisfeitas no exercicio para a adquisición ou rehabilitación de vivendas que se integren en proxectos de aldeas modelo. A base da dedución non poderá exceder de 9.000€ no caso de construcións destinadas a constituír a vivenda habitual, no resto dos casos o límite será de 4.500€.

En canto á cuantificación dos beneficios fiscais derivado do imposto sobre a renda das persoas físicas, ao tratarse dun tributo non xestionado por esta Comunidade Autónoma e cuxa recadación está compartida, compre distinguir por unha parte, os beneficios produto da normativa estatal e os que proceden da normativa autonómica, que se concretan en deducións sobre a cota.

A fonte de información para o cálculo da estimación da maioría destas deducións foi subministrada pola Administración General de Estado (Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Hacienda) no informe dos “Datos de beneficios fiscais a incorporar no PBF da Comunidade de Galicia no exercicio 2026”, e corresponden á normativa vixente ao exercicio 2025, ao seguirse un criterio de caixa e autoliquidarse o mesmo no 2026. A súa realización, segundo informa a AGE, require a utilización de

diversas fontes estatísticas e métodos de cálculo, en función de que o sistema de información fiscal conteña suficientes datos vinculados aos conceptos que se tratan de avaliar ou sexa necesario recorrer a datos externos de natureza económica. En particular expoñen o seguinte:

Reducións na base imponible, especialidade das anualidades por alimentos e deducións estatais e autonómicas.

A metodoloxía de cálculo consiste na aplicación dun sistema de microsimulación xeral sobre a base de datos das declaracións anuais do imposto correspondentes ao terceiro exercicio anterior ao da estimación (o último con prazo de declaración finalizado ao comezar os traballos de cuantificación).

Sobre esa base de datos aplícase a normativa vixente do IRPF no ano inmediato anterior ao da estimación e introdúcese unha serie de hipótese para a proxección da poboación de contribuíntes e das cifras asociadas a cada un dos incentivos.

O proceso desenvólvese en sucesivas etapas. En primeiro lugar, efectúase a microsimulación de maneira simultánea cos datos do terceiro exercicio anterior ao da estimación, con e sen os incentivos correspondentes, con obxecto de suprimir as interaccións entre eles. Posteriormente, calcúlase cada un dos beneficios fiscais, mediante a diferenza das cotas líquidas ou, no seu caso, das retencións, que se obteñen cando se procede á simulación no suposto hipotético da exclusión do incentivo correspondente e na situación real en que este se aplique. Por último, levan a cabo as proxeccións dos beneficios fiscais, segundo a actual poboación de contribuíntes, os compoñentes de renda, as reducións na base imponible e as deducións na cota, segundo a actual normativa do imposto, desde o terceiro exercicio anterior ao da estimación ata o exercicio inmediato anterior ao da estimación.

Exencións

Ganancias patrimoniais por reinversión en vivenda habitual, transmisión de inmobles por contribuíntes maiores de 65 anos ou en situación de dependencia severa ou gran dependencia, transmisión de inmobles urbanos adquiridos a título oneroso entre o 12 de maio e o 31 de decembro de 2012 e reinversión en entidades de nova ou recente creación.

Para estas rendas exentas recóllese información no modelo 100 de declaración anual do imposto, polo que a estimación do beneficio fiscal asociado obtense da aplicación do sistema de microsimulación xeral descrito anteriormente.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, o importe dos beneficios fiscais para 2026 estimados no imposto sobre a renda das persoas físicas, ascendería a 46,9 millóns de euros coa seguinte desagregación:

IRPF – DEDUCIÓNS AUTONÓMICAS	IMPORTE 2026 (EN MILLÓNS)
Por nacemento ou adopción de fillos	8,69
Por familias con fillos	29,94
Polo coidado de fillos menores	0,74
Por suxeitos pasivos discapacitados, maiores de 65 anos, que precisen axuda de terceiros	0,26
Por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos	0,36
Por aluguer da vivenda habitual	3,16
Por acollemento familiar de menores	0,08
Por investimento na adquisición de accións e participacións sociais de novas entidades ou de recente creación	0,12
Por creación de novas empresas ou a ampliación da actividade de empresas de recente creación	0,02
Por investimentos realizados en entidades cotizadas no Mercado Alternativo Bolsista	0,01
Por donativos a centros de investigación de universidades galegas e os promovidos ou participados pola Xunta de Galicia	0,26
Por investimento en instalacións de climatización e/ ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables en vivenda habitual	0,11
Cantidades investidas para rehabilitar bens inmobles en conxuntos históricos	0,30
Cantidades investidas en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra	0,01
Por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares	2,14
Dedución por axudas e subvencións recibidas por deportistas de alto nivel de Galicia	0,04
Dedución por adquisición e rehabilitación de vivendas en proxectos aldeas modelo	0,01
Polos gastos derivados da adecuación dun inmovble baleiro con destino ao arrendamento de vivenda	0,14
Polo arrendamento de vivendas baleiras	0,55
TOTAL	46,94

Os importes correspondentes á normativa estatal facilitáronse de forma territorializada pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Hacienda.

A estimación do beneficio correspondente á exención parcial do gravame especial sobre os premios de determinadas loterías e apostas e supoñen un total de 25,95 millóns. A metodoloxía empregada consiste en, partindo dos datos estatísticos sobre vendas e premios ata o primeiro trimestre do ano inmediato anterior ao da estimación facilitados pola Sociedade Estatal de Loterías e Apostas do Estado, a ONCE, Cruz Roja Española e Loterías de Cataluña, estimar o volume total de vendas e premios durante todo o ano inmediato anterior ao da estimación facilitados e divídense os premios en dúas categorías: aqueles que están totalmente exentos por ser inferiores a 40.000 euros e os que o están de forma parcial ao superar esa cantidade. O importe total exento obtense agregando os premios totalmente exentos e o resultado de multiplicar o número de premios parcialmente exentos por 40.000 euros. Finalmente, aplícase o tipo impositivo do gravame especial (20%).

En global, no IRPF, os beneficios fiscais derivados da normativa estatal ascende a de 490,78 millóns euros co seguinte detalle:

IRPF-BENEFICIOS FISCAIS NORMATIVA ESTATAL	IMPORTE (EN MILLÓNS)
Reducións na base imponible	234,38
Especialidades das anualidades por alimentos	9,27
Deducións na cota	51,25
Exencións	169,93
Exención parcial gravame especial sobre os premios de determinadas loterías e apostas	25,95
TOTAL	490,78

II.1.2. Imposto sobre o valor engadido (IVE)

O Imposto sobre o valor engadido é un imposto de carácter estatal, cuxo rendemento está parcialmente cedido ás Comunidades Autónomas. O artigo 35 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, establece que a cesión será do 50% do rendemento que se produce no territorio de cada Comunidade.

Con todo, e a diferenza do que ocorre co IRPF, esta Lei non concede ás Comunidades Autónomas ningunha capacidade normativa, polo que beneficios fiscais que se poden aplicar na nosa Comunidade, son unicamente aqueles que establece o Goberno na normativa estatal.

A estimación destes importes realízase a partir da información proporcionada pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Hacienda, no

informe dos “Datos de beneficios fiscais no imposto sobre o valor engadido a incorporar no PBF da Comunidade de Galicia no exercicio 2026”.

No devandito informe indícase que a estimación dos beneficios fiscais do IVE emprega unha metodoloxía mixta que combina datos agregados de natureza fiscal con magnitudes macroeconómicas. Utilízanse os primeiros para os cálculos sobre os tipos reducidos de gravame e os segundos para determinadas exencións que constitúen beneficios fiscais. As fontes de información inclúen as estatísticas das declaracións-resumos anuais do IVE elaboradas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Contabilidade Nacional de España do INE, as táboas de orixe-destino da Contabilidade Nacional de España do INE, a base imponible uniforme do IVE e o escenario macroeconómico.

O procedemento desenvólvese en fases secuenciais: previsión de beneficios fiscais de tipos reducidos, estimación de beneficios de exencións, axuste fiscal de coherencia, transformación do criterio de pagamento a caixa.

Para imputar a cada Comunidade Autónoma o importe correspondente tomouse o índice de consumo utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do sistema de financiamento correspondente ao último exercicio dispoñible.

Exencións

Os beneficios fiscais asociados ás exencións estímanse exclusivamente mediante información macroeconómica, ao non dispoñerse de datos tributarios completos sobre estas operacións. Os beneficiarios das exencións son os fogares, as administracións públicas e as institucións privadas sen fins de lucro, como sectores consumidores finais que soportan o imposto.

Para o sector dos fogares calcúlase a base imponible teórica do consumo final, o investimento en vivenda nova e os intereses pagos ás empresas, utilizando a información da base imponible uniforme do IVE, a cuantificación do consumo segundo finalidades da Contabilidade Nacional e as previsións macroeconómicas. Para as administracións públicas e as institucións sen fins de lucro estímanse as bases teóricas correspondentes a prestacións sociais en especie, consumos intermedios, formación bruta de capital fixo e intereses pagos, empregando as táboas de orixe-destino e datos da Contabilidade Nacional.

Estas bases estimadas axústanse para homoxeneizar o seu contido coa información fiscal das declaracións das empresas que non conteñen datos sobre operacións exentas, aplicándose un factor de corrección baseado na relación existente entre as bases de gasto final suxeito con datos fiscais e con datos macroeconómicos. Para o cálculo do beneficio fiscal, ás bases impositivas teóricas aplícaselles o tipo xeral de gravame.

Sobre as cifras totais obtidas leva a cabo unha transformación das estimacións baseadas no pagamento cara ao criterio de caixa, aplicándose un factor obtido a partir da previsión, para o ano orzamentario correspondente, da recadación por IVE baixo ambos os criterios.

Tipos reducidos e superreducidos

Os beneficios fiscais derivados dos tipos reducidos e superreducidos de gravame calcúlanse a partir das estatísticas das declaracións-resumos anuais do IVE. Estímase o gasto final suxeito ao imposto e non exento mediante a diferenza entre as bases impositivas de entregas que xeran cotas devindicadas e as compras que orixinan cotas soportadas deducibles, no segundo exercicio anterior ao da estimación.

O gasto final suxeito proxéctase de forma coherente coas previsións do escenario macroeconómico ao exercicio da estimación e distribúese entre as operacións suxeitas a cada tipo impositivo segundo a información fiscal dispoñible e a súa evolución recente. Os beneficios fiscais obtéñense aplicando a cada categoría de gasto o diferencial entre o tipo xeral do 21 por cento, considerado elemento de referencia da estrutura básica do tributo, e cada un dos tipos reducidos e superreducidos correspondentes.

IVE. BENEFICIOS FISCAIS NORMATIVA ESTATAL			
IMPOSTO	IMPORTE BENEFICIOS FISCAIS CC.AA	ÍNDICE DE REPARTO	BENEFICIOS FISCAIS NO ORZAMENTO (EN MILLÓNS)
	(EN MILLÓNS)		
Exencións	13.443,09	5,75%	772,52
Tipo reducido do 4%	5.092,79	5,75%	292,66
Tipo reducido do 10%	13.561,23	5,75%	779,31
TOTAL	32.097,11	5,75%	1.844,49

II.1.3. Imposto sobre o alcohol e bebidas fermentadas.

O Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas é un imposto especial de fabricación, e do mesmo xeito que nos casos anteriores, o seu rendemento está parcialmente e cedido ás Comunidades Autónomas. Neste caso, o artigo 39 da Lei 22/2009, establece que o rendemento cedido ás Comunidades será o 58% do recadado no seu territorio.

Neste imposto, a normativa estatal tampouco concede capacidade normativa ás Comunidades Autónomas, polo que os datos que se expoñen a continuación, estímanse a

partir dos beneficios fiscais establecidos polo Estado en función da participación que sobre os mesmos corresponde á Comunidade de Galicia:

IMPOSTO SOBRE O ALCOHOL E BEBIDAS FERMENTADAS. BENEFICIOS FISCAIS NORMATIVA ESTATAL			
IMPOSTO	IMPORTE BENEFICIOS FISCAIS CCAA	ÍNDICE DE REPARTO	BENEFICIOS FISCAIS NO ORZAMENTO
	(EN MILLÓNS)		(EN MILLÓNS)
Exencións	53,94	5,91%	3,19
Tipos reducidos	6,18		0,37
Devolucións	17,95		1,06
TOTAL	78,07	5,91%	4,62

A estimación destes importes realízase a partir da información proporcionada pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Hacienda, no informe dos “Datos de beneficios fiscais en impostos especiais a incorporar no PBF da Comunidade Galicia no exercicio 2026”.

No mesmo, establécese que as estimacións dos beneficios fiscais levan a cabo a partir da información fornecida polo Sistema de Libros Contables de Impostos Especiais (SILICIE). As variables de interese para levar a cabo a proxección son as denominadas saídas a consumo á Península, Baleares ou Canarias, xa sexan con imposto ou exentas. As previsións das variables realízanse no marco dos modelos univariantes de series temporais. O período mostril utilizado discorre desde outubro de 1993.

Xunto á información procedente do SILICIE, dispónse tamén da estimación dos beneficios fiscais proveniente dos modelos de acompañamento do Sistema de Control de Movimentos de Impostos Especiais (EMCS) da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Dos devanditos modelos pódese obter información sobre as exencións por utilización de alcohol en centros médicos e laboratorios farmacéuticos, así como as cantidades que foron devoltas polo uso de alcohol en fábricas de produtos alimenticios. Toda esta información incorpórase á estimación.

Respecto a os tipos impositivos utilizados na estimación, introdúcese a hipótese de que permanecerán nos niveis actualmente vixentes.

Para imputar a cada Comunidade Autónoma o importe correspondente tómasse o índice de consumo utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do sistema de financiamento correspondente ao último exercicio dispoñible.

Exencións

- Subministracións a centros médicos e laboratorios farmacéuticos.
Para as subministracións a centros médicos e laboratorios farmacéuticos, proxéctanse ata o ano en que se realiza a estimación as saídas exentas de alcohol desnaturalizado e aplícase a porcentaxe que en dous exercicios anteriores supoñían as saídas a estes establecementos sobre o conxunto de saídas exentas deste tipo de alcohol. O resultado multiplícase polo tipo impositivo vixente.
- Devolución polo uso de alcohol en fábricas de produtos alimenticios.
Para as devolucións polo uso de alcohol en fábricas de produtos alimenticios, utilízase como base o volume de devolucións do segundo exercicio anterior ao exercicio obxecto de estimación e proxéctase este dato tanto para o exercicio inmediatamente anterior como para o propio exercicio de estimación.

Tipo reducido

O beneficio fiscal calcúlase a partir da previsión de saídas con imposto a Canarias no ano para o que se realiza a estimación multiplicada pola diferenza entre o tipo xeral e o reducido.

II.1.4. *Imposto sobre hidrocarburos*

O Imposto sobre hidrocarburos é un imposto especial de fabricación, cuxo rendemento está parcialmente cedido ás Comunidades Autónomas, segundo o establecido na Lei 22/2009, do 18 de decembro. O artigo 40 da citada normativa establece que se cede o 58% do rendemento derivado do tipo estatal xeral e o 100% do rendemento derivado do tipo estatal especial do imposto producido no seu territorio.

Neste imposto, a normativa estatal na actualidade tampouco concede capacidade normativa ás Comunidades Autónomas, polo que os datos que se expoñen a continuación, estímanse a partir dos beneficios fiscais establecidos polo Estado en función da participación que sobre os mesmos corresponde á Comunidade de Galicia:

IMPOSTO SOBRE HIDROCARBUROS			
IMPOSTO	IMPORTE BENEFICIOS FISCAIS CCAA	ÍNDICE DE REPARTO	BENEFICIOS FISCAIS NO ORZAMENTO
	(EN MILLÓNS)		(EN MILLÓNS)
HIDROCARBUROS Tipo xeral	1.441,18	6,77%	119,27
Exencións	889	6,77%	60,22
Tipos reducidos	552,18	6,77%	37,40
HIDROCARBUROS Tipo especial	502,71	6,77%	34,05
Exencións	277,56	6,77%	18,8
Tipos reducidos	225,15	6,77%	15,25
TOTAL	1.943,89	6,77%	153,32

Igualmente, a estimación dos importes procede da información proporcionada pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Hacienda, no informe citado no apartado anterior. No mesmo establécese no relativo á metodoloxía utilizada para o seu cálculo que:

Tarifas xeral e especial

As estimacións dos beneficios fiscais levan a cabo a partir da información fornecida polo Sistema de Libros Contables de Impostos Especiais (SILICIE).

As variables de interese son os consumos con imposto (saídas e autoconsumo) e as exencións. Sobre as magnitudes declaradas introdúcense modificacións metodolóxicas, como a exclusión de determinados epígrafes que non constitúen beneficios fiscais ao non usarse como carburantes e axustes específicos para produtos como o queroseno de transporte aéreo internacional e o gasóleo de calefacción.

As previsións de consumos obtéñense mediante a aplicación de técnicas univariantes de series temporais. O período mostral abarca desde outubro de 1993 (excepto para os biocombustibles, para os que a serie comeza en xuño de 2004).

Exencións

O importe estimado dos beneficios fiscais obtense como resultado de multiplicar os correspondentes consumos polos tipos impositivos.

Respecto aos tipos impositivos utilizados na estimación, introdúcese a hipótese de que permanecerán nos niveis actualmente vixentes.

Tipos reducidos

O importe estimado dos beneficios fiscais calcúlase multiplicando as saídas a consumo con imposto pola diferenza entre os tipos (xeral e reducido).

Distribución

Para imputar a cada Comunidade Autónoma o importe correspondente tómasse o índice de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do sistema de financiamento correspondente ao último exercicio dispoñible.

II.2. Tributos xestionados pola AEAT e cuxo rendemento está totalmente cedidos ás Comunidades Autónomas

II.2.1. Imposto sobre a electricidade

O Imposto sobre a electricidade é un imposto especial que grava o consumo ou autoconsumo de enerxía eléctrica, e cuxo rendemento está totalmente cedido ás Comunidades Autónomas, segundo o establecido no artigo 42 da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

Neste imposto, a normativa estatal tampouco concede capacidade normativa ás Comunidades Autónomas, polo que os datos que se expoñen a continuación, estímense a partir dos beneficios fiscais establecidos polo Estado en función da participación que sobre os mesmos corresponde á Comunidade de Galicia:

IMPOSTO SOBRE A ELECTRICIDADE. BENEFICIOS FISCAIS NORMATIVA ESTATAL			
IMPOSTO	IMPORTE BENEFICIOS FISCAIS CC.AA (EN MILLÓNS)	ÍNDICE DE REPARTO	BENEFICIOS FISCAIS NO ORZAMENTO
Reducións na BI	169,27	5,74%	9,71
TOTAL	169,27	5,74%	9,71

Igualmente, a estimación dos importes procede da información proporcionada pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Hacienda no

informe citado en apartados anteriores. No mesmo establécese no relativo á metodoloxía utilizada para o seu cálculo que:

Redución na base imponible

A estimación dos beneficios fiscais baséase na información que proporciona o modelo de autoliquidación do imposto e o funcionamento do censo de obrigados tributarios polo Imposto Especial sobre a Electricidade.

Por diferenza entre a base imponible e a base liquidable, pódense obter as reducións, é dicir, as bases impositivas ligadas aos usos que se benefician da redución. Multiplicando esa cifra polo tipo impositivo, obtense o beneficio fiscal do período correspondente.

Así, o cálculo do beneficio fiscal por redución da base realízase, a partir do modelo de autoliquidación do imposto, empresa a empresa e para cada un dos períodos impositivos (mensual ou trimestral). O cálculo faise en pagamento e posteriormente os datos desprázanse ao período de caixa.

As estimacións para o exercicio de estimación e o exercicio inmediatamente anterior realizáronse supoñendo que o tipo impositivo mantense no nivel vixente. Tamén se supuxo que se mantén constante a porcentaxe de beneficio fiscal sobre imposto devindicado (incluíndo o propio beneficio fiscal) respecto ao último exercicio completo dispoñible co tipo impositivo actualmente en vigor.

Para imputar a cada Comunidade Autónoma o importe correspondente tómase o índice de consumo neto de enerxía eléctrica utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do sistema de financiamento correspondente ao último exercicio dispoñible.

Neste caso, a referencia é o índice de consumo neto de enerxía eléctrica utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do sistema de financiamento correspondente ao último exercicio dispoñible.

II.2.2. Imposto sobre determinados medios de transporte.

O Imposto sobre determinados medios de transporte, é un imposto especial, cuxo rendemento está cedido ás Comunidades Autónomas, e sobre o cal, estas si teñen unha pequena capacidade normativa segundo o establecido no artigo 51 da Lei 22/2009, do 18 de decembro; xa que se permite que as Comunidades poidan incrementar con certo límite, os tipos de gravame aplicables a unha serie de epígrafes regulados na lei.

Galicia non fixo uso desa capacidade normativa neste imposto, polo que os datos que se expoñen a continuación, estímanse exclusivamente a partir dos beneficios fiscais

establecidos polo Estado en función da participación que sobre os mesmos corresponde á Comunidade de Galicia:

IMPOSTO SOBRE DETERMINADOS MEDIOS DE TRANSPORTE. BENEFICIOS FISCAIS NORMATIVA ESTATAL	
IMPORTE BENEFICIOS FISCAIS CC.AA (EN MILLÓNS)	IMPORTE BENEFICIOS FISCAIS CC.AA (EN MILLÓNS)
Exencións	14,63
Reducións na BI	1,07
Tipos reducidos	0
TOTAL	15,70

Igualmente, a estimación dos importes procede da información proporcionada pola Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Hacienda no informe dos “Datos de beneficios fiscais en impostos especiais a incorporar no PBF da Comunidade de Galicia no exercicio 2026”. No mesmo establécese no relativo á metodoloxía utilizada para o seu cálculo que:

A estimación dos beneficios fiscais baséase na información que proporcionan os modelos de autoliquidación vixentes do imposto: o modelo que serve para solicitar a non suxeición, exención ou redución cando é preciso o recoñecemento previo por parte da Administración; o modelo polo que se declaran os supostos de exención e non suxeición sen recoñecemento previo; e o modelo de declaración co que se liquida o imposto.

A estimación dos beneficios fiscais baséase na proxección dos ingresos do imposto. A metodoloxía céntrase principalmente nos vehículos automóbiles, que representan a maior parte do imposto devindicado, mentres que para outros vehículos, embarcacións e aeronaves mantéñense os ingresos do último exercicio completo dispoñible.

A estimación realízase desagregada por Comunidades Autónomas do territorio de réxime común, Ceuta e Melilla, aplicando os tipos impositivos vixentes en cada territorio e proporcionando información detallada por epígrafes que resulta de utilidade para os cálculos posteriores. Á previsión de caixa chégase aplicando, para cada territorio, a taxa de variación do imposto devindicado aos datos do último exercicio pechado.

Esta estimación permite dispoñer de información desagregada por territorios e epígrafe que serán de utilidade nos cálculos posteriores.

A distribución por CCAA realizouse polo Servizo de Estudos Tributarios e Estatísticas da Axencia Estatal de Administración Tributaria de acordo co punto de conexión establecido na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias.

Exencións

A información do número de matriculacións exentas procede dos modelos que serven para solicitar a non suxeición, exención ou redución cando é preciso o recoñecemento previo por parte da Administración e polo que se declaran os supostos de exención e non suxeición sen recoñecemento previo. En xeral este número proxéctase, para cada comunidade autónoma, coa media dos dous últimos exercicios dispoñibles, aínda que no caso de que haxa unha tendencia clara de crecemento ou de descenso prolongase esa tendencia. O prezo utilizado para calcular o valor da operación é o correspondente ao prezo medio dos vehículos automóbiles calculados na estimación xeral. Para embarcacións a remo ou pa, o 25 por cento do prezo das embarcacións de aluguer. Para embarcacións e aeronaves utilízase o prezo medio observado no último exercicio dispoñible e, para os exercicios de proxección, a media dos dous últimos exercicios.

En todos os casos os prezos corresponden aos da propia comunidade autónoma, excepto nas aeronaves -por número de matriculacións pequeno- para as que se utiliza en prezo medio no territorio de réxime común. Os tipos aplicados son os que corresponden a cada comunidade autónoma.

Reducións na base imponible

Son as bases impositivas reducidas declaradas no modelo de declaración co que se liquida o imposto multiplicadas polos tipos correspondentes. Para a proxección tómasa a media dos dous últimos exercicios dispoñibles.

Tipos reducidos

A información sobre o número de matriculacións de automóbiles e o seu prezo medio son as que se derivan da estimación xeral do imposto. Na proxección dos beneficios ligados a embarcacións e aeronaves mantéñense as últimas cifras dispoñibles. Os valores multiplícanse pola diferenza entre os tipos xerais e os vixentes nos territorios con tipos reducidos.

II.3. Tributos xestionados, de ser o caso, polas Comunidades Autónomas e cuxo rendemento se lles cede totalmente.

A modo introdutorio, hai que sinalar que a Comunidade de Galicia ostenta competencias de xestión sobre os tributos que se expoñen neste apartado, polo que a mesma dispón da información necesaria para elaborar a estimación dos beneficios fiscais, a partir

dos datos obtidos dos seus sistemas de xestión e demais datos de que dispón a Comunidade.

A normativa onde se atopan os beneficios fiscais aprobados por esta Comunidade no uso das competencias normativas previstas na Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas e na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, atópanse recollidas no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

II.3.1. Imposto sobre o patrimonio

O Imposto sobre o Patrimonio é un imposto de carácter estatal, que se atopa cedido ás Comunidades Autónomas, no relativo á recadación achegada polos residentes no territorio nacional regulado na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

Así, no artigo 47 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, establécese que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias normativas sobre o mínimo exento, o tipo de gravame, e as deducións e bonificacións da cota. En uso desa competencia no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, se establecen as seguintes deducións todas elas incompatible coa aplicación para os mesmos bens ou dereitos das exencións do artigo 4 da Lei 19/1991, de 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, aínda que a devandita exención sexa parcial:

- Dedución do 75% por creación de novas empresas ou ampliación da actividade dunha empresa de recente creación.
- Dedución do 100% por inversións en empresas agrarias sempre que se cumpran certos requisitos.
- Dedución do 100% pola afectación de terreos rústicos a unha explotación agraria e arrendamento rústico.
- Dedución do 100% pola afectación a actividades económicas de inmobles en centros históricos.
- Dedución do 100% pola participación nos fondos propios de entidades que exploten bens inmobles en centros históricos.
- Dedución do 100% por incorporación de bens e dereitos aos instrumentos de mobilización ou recuperación das terras agrarias de Galicia.

En materia de bonificacións Galicia prevé a bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, se ben a aplicación desta bonificación modifícase a partir do 1 de xaneiro de

2023 nos termos establecidos na Disposición Transitoria Terceira do Texto refundido de disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo (na redacción dada pola Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

O gravame por este imposto suprimiuse con efectos do 1 de xaneiro de 2008, aínda que foi restablecido con carácter temporal para 2011 e 2012, e posteriormente foise prorrogando sucesivamente a obrigación de declarar. Finalmente, a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 volve establecer o mantemento deste imposto con carácter indefinido.

No imposto sobre o patrimonio considéranse como beneficios fiscais as exencións previstas no artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, reguladora do mesmo, que proveñen da normativa estatal ao carecer esta comunidade de competencias normativas sobre exencións.

En canto ao mínimo exento, entendemos que forma parte da estrutura do tributo ao modular a capacidade económica sometida a gravame de acordo coa concepción do imposto sobre o patrimonio como complementario do IRPF.

Non é posible calcular o efecto económico de todas as exencións do imposto, senón só daquelas nas que o valor dos bens exentos ven consignado na declaración do imposto. Trátase das exencións da vivenda habitual, bens e dereitos exentos afectos a actividades económicas e profesionais e valores exentos representativos da participación nos fondos propios de entidades xurídicas.

O método de cálculo realízase partindo do importe declarado destes bens (ou do mínimo exento) nas declaracións do exercicio 2024, ao que se lle aplica o tipo efectivo (cota a ingresar entre base imponible) do imposto nese mesmo exercicio.

Inclúese neste exercicio o importe correspondente á aplicación do previsto na Disposición Transitoria Terceira do Texto refundido de disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, o importe dos beneficios fiscais para 2026 ascendería 295,57 millóns de euros, coa desagregación que figura a continuación.

Os importes serían os seguintes:

IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO- BENEFICIOS FISCAIS	IMPORTE (EN MILLÓNS)
Vivenda habitual	5,01
Valores exentos representativos da participación nos fondos propios de entidades xurídicas	
Negociadas	2,00
non negociadas	250,80
Bens e dereitos exentos afectos a actividades económicas e profesionais	1,26
Bonificación na cota	36,50
Deducións na cota	0,01
TOTAL	295,57

II.3.2. Imposto sobre sucesións e doazóns

O Imposto sobre Sucesións e Doazóns é un imposto estatal, cuxa xestión e recadación está cedida ás Comunidades Autónomas, regulado na Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.

Ademais, conforme ao establecido no artigo 48 de Lei 22/2009, do 18 de decembro, as Comunidades Autónomas teñen certas capacidades normativas respecto a este imposto, como son o establecemento de reducións na base imponible, ou a posibilidade de mellorar as reducións estatais; modificación da tarifa e das contías e coeficientes multiplicadores do patrimonio preexistentes así como establecer deducións e bonificacións na cota.

Nas reducións na base imponible podemos distinguir aquelas de carácter subxectivo, é dicir, que atenden a circunstancias persoais dos suxeitos pasivos, e aquelas de carácter obxectivo que pretenden reducir a tributación da transmisión por herdanza ou doazón duns determinados bens.

Facendo uso da facultade normativa concedida ás Comunidades Autónomas polo Estado, Galicia aprobou reducións propias na base imponible e mellorou algunhas reducións estatais. Eses beneficios fiscais son os seguintes:

A) Nas adquisicións mortis causa:

- Mellora na redución por parentesco respecto da estatal:
- Para os descendentes/ adoptados menores de 21 anos Galicia mellora a redución estatal desde 15.956,87€ máis 3.990,72€ por cada ano menor de 21, ata 1.000.000€ máis 100.000€ por cada ano menor de 21, cun límite de 1.500.000€.

- Para os ascendentes/adoptantes, o cónxuxe e os descendentes/adoptados maiores de 21 anos, se mellora a redución estatal dende 15.956,87€ ata 1.000.000€.
- Para colaterais de segundo e terceiro grao, ascendentes e descendentes por afinidade, Galicia mellora a redución dende 7.993,46€, para os colaterais de segundo grao por consanguinidade e resto de colaterais de segundo e terceiro grao, ascendentes e descendentes por afinidade, ata 25.000€.
- Mellora na redución por discapacidade, permitindo unha redución de 150.000 euros para suxeitos pasivos con discapacidade igual o superior ao 33%, de 300.000 euros para aqueles con discapacidade igual ou superior ao 65%, e do 100% da base impoñible no caso dos contribuíntes do grupo I e II cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% sempre que o patrimonio preexistente non supere os 3.000.000€, mellorando os importes estatais cifrados en 47.858,59 € y 150.253,03 €, respectivamente.
- Redución propia do 99% pola adquisición das indemnizacións da síndrome tóxica e por actos de terrorismo.
- Mellora da redución para a adquisición de vivenda habitual do 95% ao 99% e se a adquisición corresponde ao cónxuxe do 100% cun límite de 600.000€, sempre que concorran unha serie de requisitos.
- Redución propia do 99% pola adquisición de empresas individuais, negocios profesionais e participacións en entidades, sempre que concorran unha serie de requisitos. Esta redución é incompatible co resto das reducións de carácter obxectivo reguladas en Galicia e coa redución estatal por transmisión de empresa individual ou acciones ou participacións sociais en determinadas entidades.
- Redución propia do 99% pola adquisición de explotacións agrarias e de elementos afectos, sempre que concorran determinados requisitos.
- Redución propia do 95% ou do 99% pola adquisición de predios rústicos cando se cumpran determinados requisitos.
- Redución propia do 99% pola adquisición de predios forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica, sempre que se cumpran unha serie de requisitos.
- Redución propia do 95% pola adquisición de bens destinados á creación ou constitución dunha empresa ou negocio profesional, cando se cumpran determinados requisitos, cun límite de 118.750€ ou 237.500€ se o habente causa acredita un grao de discapacidade superior ao 33%.
- Os importes das reducións de parentesco e discapacidade serán únicos para todos os feitos impoñibles do art. 3.1 a) da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do Imposto sobre Sucesións e Doazóns que teñan lugar entre a mesma persoa causante e persoa habente-causa, de tal forma que só serán aplicables nas segundas

e sucesivas adquisicións no importe que non se tivera esgotado nas anteriores de forma acumulativa.

B) Nas adquisicións intervivos:

- Redución propia do 95% polas doazóns de diñeiro a fillos e descendentes realizadas para a adquisición dunha vivenda habitual, con determinados requisitos.
- Redución propia do 99% pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades con determinados requisitos.
- Redución propia do 99% pola adquisición de explotacións agrarias e predios rústicos polo cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata cuarto grado incluído, da persoa donante.
- Redución propia do 99% pola adquisición de predios forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica, con determinados requisitos.
- Redución propia do 95% pola adquisición de bens destinados á creación dunha empresa ou negocio profesional, con determinados requisitos, efectuada por fillos/as e descendentes cun límite de 118.750€ ou de 237.500€ se se acredita unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Redución propia do 99% pola adquisición de predios rústicos cando esta corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao incluído da persoa donante, sempre que, entre outros requisitos, se documente en escritura pública.
- Redución do 100% para as doazóns e demais negocios xurídicos a título gratuito inter vivos, de bens e dereitos destinados a reparar ou repoñer bens danados directamente polos incendios forestais acaecidos en Galicia en 2025, con determinados requisitos.
- No caso de que dun contrato de vitalicio derivase a liquidación do imposto de doazóns e a persoa alimentante pertencera ao grupo de parentesco III ou IV en relación coa persoa alimentista, a tarifa a aplicar será a establecida no artigo 9.a) e o coeficiente multiplicador, o establecido no artigo 10 para os grupos de parentesco I e II, con determinados requisitos.

A base de datos que se utilizou para o cálculo dos importes dos beneficios fiscais no imposto de sucesións e doazóns foi a correspondente as autoliquidacións presentadas ata o 31 de xullo de 2025 a través do programa de axuda elevadas ao ano. Para o cálculo do importe das reducións non se realizou unha simulación por cada autoliquidación, senón que se aplicou o tipo medio efectivo de todas elas ao importe da suma total de cada redución (ou da base imponible no caso de suxeitos pasivos do Grupo I), illando así o efecto

de cada unha delas doutras reducións que puidesen concorrer en cada caso concreto, polo que a contía sinalada non reflectiría exactamente unha perda recadatoria real, ao non recoller para cada caso concreto o efecto da progresividade ou doutras reducións, pero si unha visión en termos de cota do importe destas.

Dado que por motivos de fiabilidade dos datos se utilizaron só as autoliquidacións realizadas co programa de axuda (que aseguran a falta de erros nos cálculos), o importe resultante ampliouse en función da relación existente entre as cotas ingresadas polas autoliquidacións realizadas co programa de axuda e as realizadas en papel.

Por último, cómpre sinalar que hai un grupo de beneficios aplicables pola normativa estatal, polo que se dará a información agrupada destes beneficios fiscais no cadro resumo incorporado ao final e que as reducións por actividades económicas e participación en entidades foi establecida polo Estado (nun 95%) e mellorada pola Comunidade Autónoma de Galicia (99%) se ben suxeita a uns requisitos máis estritos. Da base de datos empregada despréndese que un 85% dos suxeitos pasivos de sucesións que aplican esta redución en adquisicións mortis causa se acollen á norma autonómica, mentres que en adquisicións inter vivos a porcentaxe acende a un 75%. Nesta proporción distribuiranse os importes correspondentes no cadro resumo final.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, os importes dos beneficios fiscais para 2026 ascenderían a 327,96 millóns de euros, coa seguinte desagregación:

IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS-BENEFICIOS FISCAIS	IMPORTE (EN MILLÓNS)
Sucesións	326,67
reducións para o Grupo I combinadas coa dedución en cota do 99%, dado o carácter conxunto das devanditas medidas	2,70
redución por parentesco para o Grupo II	282,00
redución por parentesco para o Grupo III (irmáns)	21,00
redución por discapacidade	4,00
redución por vivenda habitual	9,00
redución por actividades económicas	1,00
redución por participación en entidades	6,00
redución por bens de interese cultural	0,05
redución por terreos rústicos protexidos	0,30
redución por explotacións agrarias	0,10
redución por seguro	0,50
redución por bens para creación/constitución empresa ou negocio profesional	0,02
Doazóns	1,29

IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS-BENEFICIOS FISCAIS	IMPORTE (EN MILLÓNS)
redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia	0,08
redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades	1,00
redución pola adquisición de explotacións agrarias	0,07
redución por bens de interese cultural	0,01
redución por bens para creación/constitución empresa ou negocio profesional	0,03
Redución da tarifa en contratos vitalicios Grupo III e IV	0,10
TOTAL	327,96

II.3.3. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Trátase dun imposto cedido polo Estado, cuxa xestión e recadación corresponde ás Comunidades Autónomas regulado polo Texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados aprobado polo real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro.

De acordo co artigo 49 da Lei 22/2009, as Comunidades Autónomas poden regular determinados aspectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITPAXD):

- Modificar o tipo impositivo dalgunhas operacións suxeitas ás modalidades de Transmisións Patrimoniais Onerosas e de Actos Xurídicos Documentados.
- Establecer deducións e bonificacións da cota.

TIPOS REDUCIDOS DE GRAVAME

Do mesmo xeito que ocorre noutros impostos, Galicia fixo uso destas facultades normativas e foi aprobando medidas dentro das súas competencias. Algúns derivan de cambios normativos que xa estaban plenamente vixentes cando se elaborou a anterior Memoria de Beneficios Fiscais e tamén existen medidas que se atopan recollidas no proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.

A partir do 1 de xaneiro de 2024 o tipo xeral aplicable a transmisión de bens inmo- bles pasando do 9 ao 8%. Con todo, aínda que estas medida constitúe indubidablemente un beneficio económico non compre plenamente coa definición de beneficio fiscal, polo que o seu impacto non quedará reflectido nas cifras desta Memoria.

A) Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas son aplicables os seguintes tipos reducidos na transmisión de inmobles e na constitución e cesión de dereitos reais sobre os mesmos, excepto os dereitos reais de garantía:

- Para a adquisición da vivenda habitual:
 - Tipo de gravame reducido do 7% cando nin o prezo de adquisición da vivenda nin a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares exceda a cifra de 240.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro.
 - Tipo de gravame reducido do 5% cando o inmovble se atope nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais, a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non exceda a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda ao primeiro e a adquisición se documente en escritura pública.
 - Tipo de gravame reducido do 3% para os menores de 36 anos nin a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares exceda a cifra de 240.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro.
 - Tipo de gravame reducido do 3% para as familias numerosas nin o prezo de adquisición da vivenda nin a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa exceda a cifra de 400.000 euros, máis 50.000 euros adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa.
 - Tipo de gravame reducido do 3% cando o adquirente sexa unha persoa discapacitada física, psíquica ou sensorial cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 % e a adquisición se documente en escritura pública.
 - Tipo de gravame reducido do 3% cando o adquirente sexa unha persoa vítima de violencia de xénero, o prezo da vivenda non exceda os 240.000€ e a adquisición se documente en escritura pública.
 - Tipo de gravame reducido do 3% para as familias monoparentais cando nin o prezo de adquisición da vivenda nin a suma do patrimonio de todos os membros da familia monoparental para os que vaia constituír a súa vivenda habitual exceda da cifra de 240.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro.
- Para a adquisición de vivenda :

- Tipo de gravame reducido do 6% cando o inmovble se atope nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.
- Tipo reducido do 4% sempre e cando no proceda a aplicación doutro tipo inferior adquisición de inmoables a través de contratos de vitalicio, con determinados requisitos.

B) Na modalidade de actos xurídicos documentados son aplicables os seguintes tipos reducidos na transmisión de inmoables e na constitución e cesión de dereitos reais sobre os mesmos, excepto os dereitos reais de garantía:

- Para a adquisición da vivenda habitual:
 - Tipo de gravame reducido do 1% nin o prezo de adquisición da vivenda nin a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares exceda a cifra de 240.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro.
 - Tipo de gravame reducido do 0,5% para os menores de 36 anos cando nin o prezo de adquisición da vivenda nin a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares exceda a cifra de 240.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro.
 - Tipo de gravame reducido do 0,5% para as familias numerosas cando nin o prezo de adquisición da vivenda nin a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa exceda a cifra de 400.000 euros, máis 50.000 euros adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa.
 - Tipo de gravame reducido do 0,5% cando o adquirente sexa unha persoa discapacitada física, psíquica ou sensorial cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 % e a adquisición se documente en escritura pública.
 - Tipo de gravame reducido do 0,5% cando o adquirente sexa unha persoa vítima de violencia de xénero , o prezo da vivenda non exceda os 240.000€ e a adquisición se documente en escritura pública.
 - Tipo de gravame reducido do 0,5% cando o adquirente sexa unha familia monoparental cando nin o prezo de adquisición da vivenda nin a suma do patrimonio de todos os membros da familia monoparental para os que vaia constituír a súa vivenda habitual exceda da cifra de 240.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro.

- Tipo reducido do 0,1% nas primeiras copias de escrituras ou actas notariais que formalicen a constitución, modificación e cancelación de dereitos reais de garantía cando o suxeito pasivo sexa unha Sociedade de Garantía Recíproca con domicilio social en Galicia.

Todos estes tipos de gravame reducidos son aplicables, a partir do 1 de xaneiro de 2025, na adquisición de vivendas de locais comerciais, sempre que aporten a comunicación previa no prazo establecido ao efecto.

C) Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo aplicable á transmisión de bens mobles e semoventes, así como na constitución e cesión de dereitos reais que recaian sobre estes, agás os dereitos reais de garantía, é dun 8%. Non obstante, no caso de transmisións de medios de transporte terrestre usado o tipo aplicable será dun 3% agás que se trate dun vehículo que tribute por cota fixa ou dun vehículo que tribute ao 0% ben por estar clasificado como de cero emisións ou ben por tratarse de bicicletas, bicicletas de pedais con pedaleo asistido e vehículos de mobilidade persoal.

Partindo da recadación obtida por cada tipo impositivo reducido, calcularase a perda recadatoria pola diferenza co tipo xeral, que se modificará na lei de medidas de medidas fiscais e administrativas para 2024, do 9% ao 8% para a modalidade de transmisións patrimoniais onerosas utilizando unha microsimulación a partir dos datos consignados polos contribuíntes nas súas declaracións presentadas ata o 31 de xullo de 2025 elevadas ao ano e as do 2024.

O importe asociado ascende a 59,28 millóns de euros, coa seguinte desagregación:

TIPO DE GRAVAME NA MODALIDADE DE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS ONEROSAS	ART. DL 1/2011	TIPO	56,89
Adquisición de vivenda habitual	14.2	7	4,52
Adquisición de vivenda habitual por discapacitados	14.3	3	0,76
Adquisición de vivenda habitual por familias numerosas	14.4	3	2,29
Adquisición de vivenda habitual por menores de trinta e seis anos	14.5	3	24,13
Transmisión de vehículos usados	14.6	3	8,49
Adquisición medios terrestres de transporte usado cero emisións	14.6	0	0,12
Transmisión de embarcacións de recreo e motores mariños	14.6	1	1,68
Adquisición de vivenda en área rural	14.7	6	8,10
Adquisición de vivenda habitual en área rural	14.7	5	4,96
Adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero	14.8	3	0,10

TIPO DE GRAVAME NA MODALIDADE DE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS ONEROSAS	ART. DL 1/2011	TIPO	56,89
Adquisición de vivenda para inmediata rehabilitación	14.9	6	0,99
Adquisición de vivenda para inmediata rehabilitación en área rural	14.9	4	0,36
Adquisición de vivenda habitual por familias monoparentais	14.10	3	0,30
Adquisición de inmobles por contratos de vitalicio	14.11	4	0,09
Tipo de gravame na modalidade de actos xurídicos documentados			2,39
Adquisición de vivenda habitual e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento	15.2	1	0,66
Adquisición de vivenda habitual por discapacitados e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento	15.3	0,5	0,06
Adquisición de vivenda habitual por familias numerosas e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento	15.4	0,5	0,12
Adquisición de vivenda habitual por menores de trinta e seis anos e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento	15.5	0,5	0,42
Sociedades de garantía recíproca	15.6	0,1	1,10
Adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero	15.8	0,5	0,02
TOTAL			59,28

DEDUCIÓNS E BONIFICACIÓNS NA COTA ÍNTEGRA

A) Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas:

1. Bonificación na cota do 100% para aqueles arrendamentos de vivenda que se realicen entre particulares con intermediación do Instituto Galego da Vivenda e Solo ao abeiro de programas de fomento do aluguer.
2. Dedución na cota do 100% por arrendamento de terreos rústicos cando:
 - Queden afectos a explotacións agrarias
 - Que se leven a cabo para a súa incorporación a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
3. Dedución na cota do 100% pola adquisición de parcelas forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica.
4. Dedución na cota do 100% aplicable ás transmisións de solo rústico nas que non exista unha construción, agás que estea afecta a unha explotación agraria en funcionamento, ou cando se trate de transmisións de terreos rústicos que no prazo máximo dun

ano se incorporen a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou que xa estean adheridas a algún destes instrumentos.

5. Dedución na cota aplicable ás transmisións de explotacións agrarias de carácter prioritario as que lle sexan aplicables as reducións previstas na Lei 19/1995 do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias , polo importe necesario para que o dito beneficio fiscal alcance o 100 % do valor do ben obxecto de redución.
6. Dedución na cota do 100% por adquisición de vivenda habitual por persoas con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos, vítimas de violencia de xénero e familias monoparentais cando o inmovible se atope nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.
7. Dedución do 100 % na cota nas compras de solo para a promoción de solo industrial realizadas por entidades instrumentais do sector público que teñan entre as súas funcións ou obxecto social a dita finalidade.
8. Dedución do 50% na cota pola adquisición formalizada en escritura pública dun ben inmovible que se afecte como inmovilizado material a unha actividade económica no prazo dun ano , cando a empresa sexa de reducida dimensión e faga unha ampliación de persoal cumprindo determinados requisitos. Será do 100% cando o inmovible se atope nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.
9. Dedución na cota do 100% aplicable ás transmisións formalizadas en escritura pública de elementos afectos que veñan de explotacións agrarias que tiveran a lo menos dous anos de antigüidade e se manteñan durante cinco anos nesa situación na explotación para a que se adquiran.
10. Dedución na cota do 100% aplicable a adquisición de bens inmoables ou da constitución ou cesión de dereitos reais de uso e desfrute que recaian sobre eles, destinados a substituír a outros dos que o suxeito pasivo fora propietario ou usufrutuario que radiquen nas localidades afectadas polos incendios acaecidos en Galicia en 2025.

B) Na modalidade de actos xurídicos documentados:

1. Bonificación do 75% da cota nas escrituras públicas outorgadas para formalizar a adquisición, declaración de obra nova, división horizontal, así como a constitución, modificación e cancelación de dereitos reais de garantía, na promoción, construción e rehabilitación de edificios destinados a aluguer durante dez anos se compren determinados requisitos.
2. Dedución na cota do 100% pola adquisición de predios forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica.
3. Dedución na cota do 100 %, cun límite de 1.500 euros, para o suposto de primeiras copias de escrituras notariais que documenten a adquisición de locais de negocio,

sempre que o adquirente destine o local á constitución dunha empresa ou negocio profesional no prazo de seis meses con domicilio fiscal en Galicia.

4. Dedución na cota do 100 %, cun límite de 1.500 euros operacións de arrendamento financeiro, concedidos para o financiamento das adquisicións de local de negocios para a constitución dunha empresa ou negocio profesional.
5. Dedución na cota do 100 %, aplicable ás agregacións, agrupacións e segregacións para posterior agregación ou agrupación de predios que conteñan solo rústico, agás que estean afectos a unha explotación agraria en funcionamento, ou cando se trate de transmisións de terreos rústicos que no prazo máximo dun ano se incorporen a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou que xa estean adheridas a algún destes instrumentos. Nese caso, a dedución si comprenderá o valor das construcións que existan sobre os terreos e do solo sobre o que asenten.
6. Dedución na cota do 100% por adquisición de vivenda habitual por persoas con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos, vítimas de violencia de xénero e familias monoparentais cando o inmovible se atope nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.
7. Dedución do 100 % na cota por determinadas operacións formalizadas para a promoción de solo industrial como as compras realizadas por entidades instrumentais do sector público que teñan entre as súas funcións ou obxecto social a dita finalidade e as vendas que realicen; e determinados actos de agrupación, agregación, segregación e división que se efectúen sobre o solo empresarial.
8. Dedución do 50% na cota nos documentos notariais en que se formalice a adquisición onerosa, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmoables que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica no prazo dun ano , cando a empresa sexa de reducida dimensión e faga unha ampliación de persoal cumprindo determinados requisitos. Será do 100% cando o inmovible se atope nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.
9. Dedución na cota do 100% aplicable ás transmisións formalizadas en escritura pública de elementos afectos que veñan de explotacións agrarias que tiveran a lo menos dous anos de antigüidade e se manteñan durante cinco anos nesa situación na explotación para a que se adquiran.
10. Dedución na cota do 100% resultante de aplicar o gravame gradual de documentos notariais nas escrituras públicas outorgadas para formalizar a adquisición, declaración de obra nova e división horizontal de bens inmoables destinados a substituír a outros dos que o suxeito pasivo fora propietario ou usufrutuario que radiquen nas localidades afectadas polos incendios acaecidos en Galicia en 2025.
11. Dedución do 100% na cota, para as condicións resolutorias que se establezan nos contratos de vitalicio regulados no Capítulo III do Título VII da Lei 2/2006, do 14 de

xuño, de dereito civil de Galicia, que garantan o cumprimento do dereito da persoa alimentista, sempre que o contrato reúna os requisitos regulados no artigo 12 deste texto refundido.

O importe do beneficio fiscal calcúlase a partir dos datos consignados polos contribuíntes nas súas declaracións presentadas ata o 31 de xullo de 2025 elevadas ao ano e as do 2024. Un caso peculiar preséntase naquelas porcentaxes de bonificación do 100%, nos que se dá a mesma circunstancia comentada no apartado das exencións, é dicir, ao non determinar cota a pagar, a consignación do valor e da causa de exención da operación beneficiada polo contribuínte non se realiza axeitadamente no modelo do imposto, o que impide determinar o seu importe.

Móstranse a continuación as contías previstas para as deducións vixentes para o 2026, que supoñen un total de 20,22 millóns de euros:

IMPOSTO DE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS	ART. TR	IMPORTE EN MILLÓNS DE EUROS
TRANSMISIONES		15,42
Arrendamento de vivendas intermediación do I.G.V.S.	16.1	0,01
Arrendamento de terreos rústicos	16.2	0,02
Transmisión de solo rústico	16.5	11,50
Dedución galega para reducións da Lei 19/1995	16.6	0,02
Adquisición de vivenda habitual por persoas con discapacidade, familias numerosas e menores de 36 anos en áreas rurais	16.7	3,55
Dedución do 100% na cota das operacións relacionadas co solo empresarial e industrial.	16.8	0,02
Transmisións patrimoniais onerosas que afecten a adquisición de inmoables	16.9	0,26
Transmisións de elementos afectos a explotacións agrarias	16.10	0,04
AJD		4,79
Obra nova/división horizontal edificios destinados a vivenda en aluguer	17.1	4,00
Préstamos/ créditos hipotecarios para cancelación doutros préstamos/créditos destinados a vivenda habitual	17.3	0,13
Subrogación/modificación de préstamos/créditos hipotecarios vivenda habitual	17.4	0,02
Agrupación de solo rústico	17.7	0,17
Adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, por persoas con discapacidade, familias numerosas e menores de 36 anos, en áreas rurais	17.8	0,03
Dedución do 100% na cota das operacións relacionadas co solo empresarial e industrial.	17.9	0,14
Documentos notariais en que se formalice a adquisición onerosa, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmoables	17.10	0,08

IMPOSTO DE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS	ART. TR	IMPORTE EN MILLÓNS DE EUROS
Transmisión de elementos afectos a explotacións agrarias.	17.11	0,01
Constitución/ transmisión dereitos reais sobre inmobles para impl. Instalacións enerxía renovables en autoconsumo individual	17.12	0,10
Operacións vinculadas á promoción de vivenda protexida de promoción pública	17.13	0,07
Dedución aplicable ás condicións resolutorias dos contratos vitalicios	17.14	0,03
TOTAL		20,22

A raíz dos criterios acordados en materia de beneficios fiscais polo Grupo de Trabajo constituído no seno do Consejo de Política Fiscal y Financiera, nesta memoria non se ten en conta a dedución en ITP pola transmisión /cesión temporal de terreos do Banco de Terras de Galicia.

Exencións

Pola súa banda, o Estado establece os beneficios fiscais aplicables ás tres modalidades do imposto no artigo 45 do Real Decreto Legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

Este é o beneficio fiscal que máis problemas formula para o seu cálculo. Ao non determinar cota a pagar, a consignación do valor e da causa de exención da operación beneficiada polo contribuínte non se realiza axeitadamente por tódolos contribuíntes no modelo do imposto. Ofrecense, polo tanto, só os datos daquelas declaracións que fan constar o importe da operación exenta así como o motivo da exención, tendo en conta os criterios acordados en materia de beneficios fiscais polo Grupo de Trabajo constituído no seno do Consejo de Política Fiscal y Financiera. Para o seu cálculo utilízase a media ponderada dos datos consignados nas autoliquidacións dos anos 2021-2024.

MOTIVO EXENCIÓN	IMPORTE (EN MILLÓNS)
E: 0001 - R.D.L.34/2020:AXD APRAZ. OP. FINANC. ICO	0,00
E: 1AB - ENTIDADES SEN FINS LUCRATIVOS	0,83
E: 1AC - OBRA SOCIAL CAIXAS DE AFORRO	0,00
E: 1AD - IGREXA CATOLICA E DE MAIS CONFESIONS	1,21
E: 1AF - CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA E O.N.C.E.	0,00
E: 1B5 - ANTICIPOS SEN XURO	0,05

MOTIVO EXENCIÓN	IMPORTE (EN MILLÓNS)
E: 1B6 - CONCENTRACION PARCELARIA	0,02
E: 1B9 - TRANSMISIONS DE VALORES	3,07
E: 1B12 - VIVENDAS DE PROTECCION OFICIAL	2,08
E: 1B13 - PAGO IMPOSTO POR ACTOS ANTERIORES	1,75
E: 1B15 - DEPOSITOS EN EFECTIVO E PRESTAMOS	3,95
E: 1B16 - TRANSMISIONS PARA LEASING	0,47
E: 1B19 - AMPL.CAPIT.PERS.XURID.DECL. EN CONCURSO	0,03
E: 1B21 - APORTACIONS PATRIMONIOS DISCAPACITADOS	0,00
E: 1B23 - NOVACIÓNS CONTRACTUAIS R. D. LEI 6/2012	1,12
E: 1B24 - REESTRU.E RESOL.ENTID CRÉDITO LEI 9/2012	1,98
E: 1B25 - PRESTATARIO ENTIDADES ART.45.I.A	0,34
E: 1B26 - ARRENDAMENTO VIVENDA ART.2 LEI 29/1994	0,01
E: 1B28 - NOVACIÓN R.D. 8/2020 COVID-19	0,24
E: 1B29 - ESCRIT. MORATORIAS R.D.19/2020 COVID-19	0,49
E: 1B30 - ESCRITURAS MORATORIA SECT. TURÍSTICO	0,02
E: 1B31 - ESCRIT.EXTENSIÓN PRAZO RD 5/21	0,01
E: 1B33 - EXENCIONES RD-LEY 24/2021	0,01
E: 1B35 -Contrato aval S.A.E DE CAUCIÓN AGRARIA	0,00
E: 1C1 - LEI 7/1980 LIBERDADE RELIXIOSA	0,00
E: 1C2 - R.D.L 12/1980 V.P.O.	0,2
E: 1C3 - LEI 55/1980 MONTES VECINAIS	0,01
E: 1C10 - LEI 5/1985 REXIME XERAL ELECTORAL	0,00
E: 1C11 - ENTIDADES DE CAPITAL -RIESGO	0,01
E: 1C12 - LEI 15/1986 SOCIEDADES ANONIMAS LABORAIS	0,01
E: 1C15 - LEI 20/1990 COOPERATIVAS	0,46
E: 1C16 - LEI 12/1991 AGRUP. DE INTERESE ECONOMICO	0,02
E: 1C17 - LEI 19/1992 SOCIEDADES E FONDOS INMOB.	0,31
E: 1C18 - LEI 24/1992 ENT. RELIXIOSAS EVANGELICAS	0,07
E: 1C19 - LEI 25/1992 COMUNIDADES ISRAELITAS	0,00
E: 1C20 - LEI 26/1992 COMISION ISLAMICA	0,00
E: 1C24 - LEI 2/1994 SUB.E MOD.DE PRESTAMOS HIPOT.	5,28
E: A1EB - PARTIDOS POLITICOS CON REP.PARLAMENTARIA	0,01
TOTAL	24,06

A raíz dos criterios acordados en materia de beneficios fiscais polo Grupo de Trabajo constituído no seno do Consejo de Política Fiscal y Financiera, nesta memoria non se ten en conta varias exencións que tradicionalmente se viñan reflectindo neste orzamento de

beneficios fiscais como, por exemplo, a relativa á constitución de sociedades, aumento de capital e aportacións que realicen os socios nos casos previstos no artigo 45.I.B.11 do Texto refundido da lei do imposto, ou a exención en aportacións de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal prevista no artigo 45.I.B.3 da citada lei.

II.3.4. Imposto sobre o Depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos.

A Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, estableceu o citado imposto de ámbito estatal como un tributo cedido, prevén-dose que as Comunidades Autónomas poidan asumir as competencias de xestión do mesmo, así como determinadas competencias normativas.

O artigo 52.bis da Lei 22/2009, de 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, establece que as Comunidades Autónomas poderán incrementar os tipos de gravame aplicables a cada unha das categorías de residuos e instalacións establecidos na Lei, se ben non recoñece competencia normativa ás CCAA no referente aos beneficios fiscais.

A normativa estatal reguladora deste tributo, non recolle ningunha redución na base impositiva nin ningunha dedución na cota.

A Lei 7/2022 prevé determinados supostos de exención no seu artigo 89 e na disposición transitoria sexta. As exencións contempladas na lei 7/2022 obedecen a cuestións técnicas para evitar a dobre imposición, a situacións nas que a normativa obriga ao tratamento concreto declarado exento como a única forma para a eliminación de determinados residuos, asociada a cuestións de saúde, de seguridade pública ou a outras situacións de interese xeral e incluso poden responder ao reforzamento da finalidade do imposto de favorecer a reutilización e a valorización dos residuos, respondendo ao desexo de minorar o impacto ambiental gravado, e constituíndo así unha medida con unha función incentivadora-desincentivadora do tributo con finalidade extrafiscal, máis que un beneficio fiscal en si mesmo.

Sen embargo as exencións contempladas na Disposición Transitoria Sexta da Lei do imposto supoñen un beneficio fiscal que se cuantifica en 0,49 millóns de euros.

II.3.5. Tributos sobre o xogo

Trátase dun tributo estatal cuxo rendemento está cedido ás Comunidades Autónomas e que, de acordo ao establecido no artigo 50 da Lei 22/2009, do 18 de decembro,

estas poderán asumir competencias normativas sobre exencións, base impositiva, tipos de gravame e cotas fixas, bonificacións e devindicación.

Na taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, das exencións establecidas só dous responden ao concepto de beneficio fiscal ao que nos vimos referindo e hai que sinalar que, no caso das tómbolas diocesanas non hai datos para contrastar e que no caso da Cruz Vermella, a devandita entidade celebra sorteos a nivel estatal, polo que non tributaría na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, debemos ter en conta que hai medidas que responden a criterios técnicos e que, polo tanto, supoñen a súa exclusión do concepto de beneficio fiscal. Neste caso está a única exención na taxa.

Na lei de medidas fiscais e administrativas para 2023 estableceuse un tipo de gravame bonificado do 30%, fronte ao 50%, para o xogo de bingo, asociado ao mantemento do emprego, co obxecto de que esta actividade poida recuperarse paulatinamente ata niveis similares aos que había con anterioridade á pandemia. O custe deste beneficio fiscal é de 3,09 millóns de euros. O seu cálculo baséase na aplicación da bonificación do tipo de gravame (20%) sobre o resultado de minorar a cantidade prevista do volume de xogo do bingo anual, a cantidade prevista do importe dos premios.

II.4. Tributos propios.

II.4.1. *Imposto sobre a contaminación atmosférica*

A Lei 2/1995, de 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica estableceu este imposto que grava a emisión a atmosfera de dióxido de xofre ou calquera outro composto osixenado do xofre, ou de dióxido de nitróxeno ou calquera outro composto osixenado do nitróxeno.

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base impositiva nin ningunha dedución ou bonificación na cota. O mínimo exento responde á estrutura técnica do tributo eximindo de tributación unha cantidade de contaminación que se entende asumible.

II.4.2. *Imposto sobre danos ambientais en augas embalsadas*

A Lei 15/2008, de 19 de decembro, estableceu este imposto para gravar a realización de actividades industriais mediante o uso ou aproveitamento da auga embalsada, cando devandito uso ou aproveitamento altere ou modifique substancialmente os valores naturais dos ríos e, en especial, o caudal e velocidade da auga na súa canle natural.

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base impoñible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. A modulación da cota tributaria que supón unha minoración desta, responde á estrutura técnica do tributo e do dano ambiental que se pretende gravar.

II.4.3. O Canon eólico

A Lei 8/2009, de 22 de decembro, crea o canon eólico que grava a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aerogeneradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base impoñible nin ningunha dedución na cota.

A bonificación da cota tributaria asociada á repotenciación do parque eólico responde á pretensión de fomentar as medidas necesarias para minorar o impacto ambiental gravado, polo que sería unha función incentivadora-desincentivadora do tributo con finalidade extrafiscal, máis que un beneficio fiscal en si mesmo, motivo polo que entendemos que non respondería ao concepto de beneficio fiscal que estamos a soste ao longo da memoria.

II.4.4. Imposto compensatorio ambiental mineiro

Creado pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, grava a alteración da superficie ou chan como consecuencia da extracción a partir das concesións de explotación da sección C) nos termos da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, referidas a minerais metálicos industriais e metais preciosos, así como o depósito ou almacenamento en entulleiras públicas ou privadas, situados na Comunidade Autónoma de Galicia de residuos mineiros procedentes da extracción ou derivados do proceso de beneficio, dos minerais metálicos industriais e metais preciosos da sección C) nos termos da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base impoñible nin ningunha dedución ou bonificación na cota.

II.5. TAXAS E PREZOS.

Neste apartado procédese a analizar a información relativa aos instrumentos financeiros, regulados no Título II da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións

reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, definidos no seu artigo 2 como as contraprestacións percibidas como consecuencia da subministración ou utilización de bens, ou da prestación de servizos demandados polos suxeitos pasivos.

Así mesmo, analízase a información relativa aos instrumentos reguladores, aos que se refire o Título III da citada lei, e que se definen como os medios utilizables para alterar as contraprestacións esixidas polos bens ou servizos ofrecidos polos suxeitos activos.

Os ingresos derivados da aplicación dos instrumentos regulados na dita Lei están destinados a satisfacer o conxunto das obrigas dos suxeitos que os perciben: Administración Xeral, os seus organismos autónomos e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes a calquera deles, no conxunto do sector público autonómico de Galicia.

Cada un dos instrumentos financeiros mencionados responde a unhas características propias e singulares que os configuran, definen e distinguen. Neste sentido, son taxas da Comunidade Autónoma de Galicia os tributos creados por lei ou transferidos polas súas corporacións locais ou polo Estado no marco da transferencia de servizos e competencias a esta, das que o seu feito impositivo consiste na utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia ou na entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público por parte dos suxeitos activos ós que se refire o artigo 3 desta lei, que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular o suxeito pasivo, sempre que se produza calquera das circunstancias seguintes:

Primeira.- Que a entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades non sexan de solicitude voluntaria para os administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude por parte dos administrados:

- cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou
- cando os bens, os servizos ou as actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

Segunda.- Que non se entreguen, presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público consonte a normativa vixente. O rendemento total previsible da taxa non poderá exceder, no seu conxunto, do custo total de produción dos bens e servizo ou da actividade.

As taxas fíxanse aplicando un principio de equivalencia, xa que o rendemento total previsible de cada taxa non poder exceder, no seu conxunto, do custo total de produción do ben, servizo ou actividade, agás no caso das taxas por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia no que se tomará como referencia o valor de mercado correspondente ou o da utilidade derivada da mesma.

Doutra banda, tanto os prezos públicos, coma os prezos privados, son contraprestacións pecuniarias percibidas pola Administración Xeral ou organismos e entidades públicas da Xunta de Galicia, pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público (prezos públicos) ou de dereito privado (prezo privado). Os prezos públicos fixaranse nunha contía que cubra como mínimo o custo do servizo, mentres que os prezos privados serán fixados atendendo as condicións e circunstancias do mercado no que se realicen.

Por último, a aplicación a todos estes instrumentos (taxas ou prezos) dunha exacción reguladora determinará unha tarifa para o consumidor ou usuario superior ao importe normalmente percibido pola institución ou entidade oferente do ben ou servizo de que se trate, coa finalidade de restrinxir a súa prestación; pola contra, a utilización dunha subvención reguladora, permitirá aplicarlle aos consumidores e usuarios tarifas ou prezos inferiores ao custo de produción dos bens ou servizos, fomentando a prestación dos mesmos.

Ao longo do articulado da Lei 6/2003 e, asemade na regulación específica de cada taxa ou prezo, establécense os supostos nos que, unha vez determinada a tarifa ou prezo do ben ou servizo concreto, debe aplicarse unha diminución da contía dos mesmos, mediante bonificacións e exencións, nas que se contemplan determinadas circunstancias que permiten conseguir obxectivos concretos de política económica ou social, o que constitúe, en definitiva, beneficios fiscais consonte ao concepto delimitado no apartado I desta memoria.

As referencias normativas dos instrumentos financeiros contemplados neste apartado da memoria de beneficios fiscais, referentes aos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, son os que se relacionan no seguinte recadro:

Normativa de Referencia	
Taxas, Beneficios Fiscais e Subvencións Reguladoras	Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia: artigos 14, 23, 30, 46 e 51.
Prezos Públicos Subvencións Reguladoras	
Ensinanzas Especiais	Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño. Modificado polo Decreto 163/2024, do 24 de xuño.
Garderías	Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. Modificado polo Decreto 91/2014, do 17 de xullo
Residencia Terceira Idade	Decreto 123/1985, do 2 de maio, polo que se fixan os prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia / DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
Centro Atención Persoas Dependentes (CAPD)	Decreto 276/2002, do 6 de setembro, polo que se establecen as tarifas dos centros de menores de titularidade propia. DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
Residencias tempo libre	Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre, modificado polo Decreto 65/2016, do 2 de xuño.
Decreto prezos públicos marítimo-pesqueira e agroforestal	Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería.
Comedores Escolares	Decreto 132/2013, 1 agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación
Prezos Privados Subvencións Reguladoras	
Prezos privados Produtos de difusión do IGE	Orde do 17 de marzo de 2004 pola que se regulan os prezos privados dos produtos de difusión do IGE.
Prezo privado limpeza vehículos transporte gandeiro	ORDE do 31 de xullo de 2013 pola que se fixan os prezos privados dos servizos de limpeza e desinfección de vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro en Galicia.
Prezos privados matadoiro móbil	ORDE do 7 de setembro de 2022 pola que se fixan os prezos privados do servizo de matadoiro móbil de Galicia.
Prezos privados Xuventude	ORDE do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Modificada pola Orde do 5 de febreiro de 2019
Prezos privados C.S.H.G	ORDE do 4 de xullo de 2014 pola que se regulan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos polo Centro Superior de Hostalería de Galicia. Modificada pola Orde do 29 de maio de 2024
Prezos privados Metroloxía	ORDE do 4 de xullo de 2014 pola que se fixan os prezos privados correspondentes aos estudos conducentes á obtención das titulacións do Centro Superior de Hostalería de Galicia. Modificada pola Orde do 29 de maio de 2024.
Prezos privados Metroloxía	ORDE do 26 de decembro de 2013 pola que se fixan os prezos privados que percibirá a Xunta de Galicia polos servizos prestados polo Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia. Modificada pola Orde do 27 de xuño de 2019
Prezos privados AGACAL	ORDE do 25 de marzo de 2022 pola que se fixan os prezos privados por servizos prestados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Para chegar á determinación do importe das subvencións reguladoras, que se inclúen no cadro seguinte, o principio fundamental seguido é o de comparar, por un lado, o custo total da prestación do servizo correspondente, reflectido na correspondentes memorias económico-financeiras que acompañan ás normas (leis, decretos, ordes) ditadas para a implantación do correspondente instrumento financeiro e, doutra banda, a estimación dos ingresos derivados das tarifas ou prezos propostos.

Acorde coas anteriores consideracións, no seguinte cadro reflíctese o importe que supón para o ano 2026 o conxunto de subvencións reguladoras e beneficios fiscais derivadas da aplicación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Beneficios fiscais e subvencións reguladoras	2026
Custo Total Beneficios Fiscais Taxas	3.370.280
Custo Total Beneficios Fiscais Prezos públicos	1.443.178
Custo Total Subvencións Reguladoras Taxas	16.021.461
Custo Total Subvencións Reguladoras Prezos Públicos	266.779.853
Custo Total Subvencións Reguladoras Prezos Privados	12.723.620
Total Beneficios Fiscais e Subvencións Reguladoras	300.338.392

Pódese apreciar neste cadro a importancia predominante que teñen as subvencións reguladoras correspondentes aos prezos públicos, fronte aos beneficios fiscais (exencións e bonificacións). Loxicamente neles están os servizos máis importantes que presta a Xunta de Galicia no ámbito educativo e social. Isto pode observarse, de maneira máis nítida no seguinte cadro, no que se distribúen os beneficios e as subvencións reguladoras por áreas funcionais.

Beneficios fiscais e subvencións reguladoras - Distribución por Áreas Funcionais 2026			
		Importe	%
Taxas	Administrativas	16.790.336	5,6%
	Profesionais	2.601.405	0,9%
	Total Taxas	19.391.741	6,5%
Prezos	Área Social	162.905.693	54,2%
	Área Educación	106.704.734	35,5%
	Área Xuventude	7.811.317	2,6%
	Outras áreas	3.524.907	1,2%
Total Prezos		280.946.651	93,5%
Total		300.338.392	100,0%

En efecto, e por esta orde, no ámbito dos prezos, a área social (gardarías, residencias da terceira idade, centros de atención a persoas dependentes, centros sociais, servizos sociais da Mariña, residencias de tempo libre e servizo de transporte adaptado) supón máis da metade da cifra total de gastos fiscais, concretamente o 54,2%. En segundo lugar sitúa-


se a área da ensinanza (ensinanzas especiais, comedores escolares, residencias marítimo-pesqueiras), que representa o 35,5%. É dicir, ambas as dúas áreas suman o 89,8% da cifra total estimada para o orzamento do ano 2026. Finalmente, a área de xuventude e outras áreas representan o restante 3,8%.

Desagregación das principais subvencións reguladoras por áreas funcionais.


Política Social.

No ámbito dos servizos sociais, as principais subvencións reguladoras que se establecen son as relacionadas coas residencias da terceira idade, cos centros de atención a dependentes, coas garderías (da Axencia Galega de Servizos Sociais), cos centros sociais e coas residencias de tempo libre, cos servizos sociais da mariña e, por último, co servizo de transporte adaptado.


No seguinte gráfico pode observarse a comparativa entre o custe total de cada un destes servizos e o que se recada dos distintos prezos aboados polos usuarios. De modo que o custe total destes servizos é de 176,2 millóns de euros fronte a unha recadación de 14,1 millóns de euros, resultando que os beneficiarios destes servizos soamente aboan o 8% do custe total.




A continuación detállanse o número de persoas que durante o ano 2026 se prevé que utilicen os servizos sociais prestados pola Consellería de Política Social e Igualdade, de modo que en total se estima que 10.124 persoas utilizaran estes servizos durante o dito ano.



E no seguinte gráfico compárase o custe medio por usuario cos prezos medios pagados directamente polos mesmos.




A porcentaxe da subvención reguladora de todos os servizos prestados pola Consellería de Política Social (é dicir, a parte do custe da prestación do servizo que non asume o usuario directamente) é dun 92%. A continuación poden verse os datos da porcentaxe polos distintos tipos de servizo:



Educación.

No ámbito da educación as principais subvencións reguladoras que se aplican son as relacionadas cos servizos prestados en materia das ensinanzas especiais e dos comedores escolares.




O custe total destes dous servizos ascende a 111,2 millóns de euros, dos que os usuarios soamente financian directamente 9,1 millóns de euros, un 8,2% do custe total.

As ensinanzas especiais


As ensinanzas especiais son as seguintes:

- As ensinanzas artísticas, nas que se inclúen as ensinanzas de música, as ensinanzas superiores de música, as ensinanzas de danza, as ensinanzas de arte dramático, as ensinanzas de artes plásticas e deseño e as superiores de deseño e as ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais.
- As escolas oficiais de idiomas.
- E as ensinanzas deportivas.

Durante o curso 2025/26 estímase que un total de 31.873 alumnos cursen estudos neste tipo de educación. No seguinte cadro detállase o número de alumnos por cada unha destas ensinanzas especiais, destacando principalmente o número de alumnos que se instrúen nas escolas oficiais de idiomas:




E a continuación compárase o custe medio por alumno das distintas ensinanzas cos prezos pagados de media polos distintos estudantes, e tendo en conta que en torno a un 20% dos mesmos están exentos ou bonificados:



É necesario ter en conta que no ano 2024 se aprobou o Decreto 163/2024, do 24 de xuño, polo que se modifica o Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes ás ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño coa finalidade de establecer unha bonificación dun 99% no importe das matrículas nos cursos de grao en ensinanzas artísticas superiores de arte dramático, conservación e restauración de bens culturais, deseño e música nos centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia sempre que se cumpran determinados requisitos e en liña coa bonificación aprobada, tamén no dito ano, para os graos impartidos nas universidades públicas de Galicia. De xeito que dos 1.574 alumnos que cursan estes estudos estímase que case o 50% se beneficiarán da dita bonificación. En total se se ten en conta o importe estimado da dita bonificación e o importe das exencións por familia numerosa, discapacidade... os beneficios fiscais ascenden a case 1 millón de euros.


A porcentaxe da subvención reguladora de todas as ensinanzas especiais é dun 90%. A continuación poden verse os datos da porcentaxe polos distintos tipos de ensinanza:



Comedores escolares

O número de usuarios que se prevé que durante o curso 2025/26 utilicen este servizo é de 64.166 persoas.

A previsión é que o custe medio por alumno sexa de 925 euros por alumno fronte aos 92,7 euros que se estima vaian a aboar directamente, de media, os beneficiarios deste servizo público, resultando unha subvención reguladora dun 90%.




Ademais hai que ter en conta que os usuarios poden beneficiarse dunha serie de bonificacións, nos casos de discapacidade ou de acollemento familiar, sendo o importe previsto das mesmas para o curso 2025/26 de 466.000 euros.

De modo que o prezo que paga o usuario polo uso dos comedores escolares depende de varios condicionantes, por unha banda, hai usuarios gratuítos deste servizo público (en determinadas circunstancias de renda familiar ou de discapacidade, entre outras) e por outra banda, o resto de usuarios teñen que aboar total ou parcialmente os distintos prezos establecidos, establecéndose varias bonificacións en función da estrutura das rendas anuais netas das familias.


Xuventude.

No ámbito dos servizos prestados a xuventude as principais subvencións reguladoras que se aplican son as relacionadas cos servizos prestados en materia de campamentos e albergues e de residencias xuvenís para estudantes.


No seguinte gráfico pode observarse a comparativa entre o custe total de cada un destes servizos e o que se recada dos distintos prezos aboados polos usuarios. De modo que o custe total destes servizos é de 9,3 millóns de euros fronte a unha recadación esperada de 1,6 millóns de euros, resultando que os beneficiarios destes servizos soamente aboan o 17,4% do custe total.



E no seguinte gráfico compárase o custe medio por usuario cos prezos medios pagados directamente polos mesmos.



A porcentaxe da subvención reguladora no caso dos campamentos e albergues é dun 81,4% e no caso das residencias xuvenís para estudantes ascende ata 84,9%.



RESUMO CUSTO BENEFICIOS FISCAIS

III. RESUMO CUSTO BENEFICIOS FISCAIS

CONCEPTO	IMPORTE		
	Normativa autonómica	Normativa estatal	Total
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)	46,94	490,78	537,72
Imposto sobre o Patrimonio (IP)	36,50	259,07	295,57
Imposto sobre Sucesións e Doazóns (ISD)	326,85	1,11	327,96
Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD)	79,5	24,06	103,56
Xogo	3,09		3,09
Imposto sobre Hidrocarburos (tipo xeral)		119,27	119,27
Imposto sobre Hidrocarburos (tipo especial)		34,05	34,05
IVE		1.844,49	1.844,49
Alcohol e bebidas derivadas		4,62	4,62
Imposto sobre a electricidade		9,71	9,71
Imposto sobre determinados medios de transporte		15,70	15,70
Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos		0,49	0,49
Taxas e prezos	300,34		300,34
TOTAL	793,22	2.803,35	3.596,57

